

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ASOCIACIÓN LAR GALLEGO DE AVILÉS PARA A SUBSTITUCIÓN URXENTE DUNHA CUBERTA CON AMIANTO NAS INSTALACIÓNS DA SEDE SOCIAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, Ana María Fernández Grela, presidenta da asociación Lar Gallego de Avilés, segundo consta na acta da asemblea xeral extraordinaria de eleccións da entidade do 11 de decembro de 2022, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndenlle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**Segundo.-** O artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; en particular, con competencias desta Secretaría Xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

**Terceiro.-** De acordo co citado Decreto 147/2024, do 20 de maio, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes á mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír á conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

**Cuarto.-** A asociación Lar Gallego de Avilés é unha entidade de carácter cultural e recreativo sen ánimo de lucro, fundada en 1960 e inscrita no Rexistro da Galeguidade como centro de estudos. A entidade ten establecida a súa sede social na rúa Galiana, 18, nun local en propiedade.

**Quinto.-** Nas instalación da sede social da entidade existe unha terraza na que soen reunirse as socias e socios máis novos, que está cuberta por placas de fibrocemento



con amianto. A mencionada cuberta ten varias fisuras que supoñen un risco para a saúde e o ambiente e que fan urxente a súa substitución.

O custo total estimado da actuación é de 8.140 € €, segundo o orzamento presentado, e á entidade élle imposible asumilo cos seus propios recursos.

**Sexto.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrencia pública.

A importancia desta entidade para a colectividade galega que reside en Asturias xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao abeiro do disposto no citado artigo 19.4 c) da Lei 9/2007.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan este convenio de colaboración, que recolle as seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a substitución urxente dunha cuberta de fibrocemento con amianto nas instalacións da sede social da Asociación Lar Gallego de Avilés.

### **Segunda.- Obrigas das partes**

1. A asociación Lar gallego de Avilés comprométese a:

- Realizar a contratación, dirección, coordinación ou cantas outras actuacións sexan precisas para levar a cabo a obra obxecto deste convenio.
- Destinar os fondos percibidos a financiar a citada actuación.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Comunicarlle de forma inmediata á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Remitir á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.
- Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.



- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

## 2. A **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira, condicionado ao cumprimento do estipulado neste convenio.

### **Terceira.- Crédito orzamentario**

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria 44.05.312C.781.0, código de proxecto 2015.00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, unha contía de oito mil cento corenta euros (8.140 €).

### **Cuarta.- Gastos subvencionables**

De acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións, considerarase gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, responderen á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de xustificación establecida na cláusula sexta .

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

### **Quinta.- Compatibilidade**

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

### **Sexta.- Xustificación e pagamento**

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2024.



A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar diante da consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, que conterà a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos deste convenio, asinada polo representante da entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade.
- Fotografías que recollan o resultado da actuación realizada.
- Relación clasificada dos gastos relacionados coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no parágrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade a data de finalización da súa xustificación.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo/a beneficiario/a. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas como pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.
- Acreditación de que a entidade está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.



### **Sétima.- Reintegro**

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se deba minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

### **Oitava.- Modificación do convenio**

Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Novena.- Causas de resolución do convenio**

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
  - b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
  - c. O acordo unánime de todas as partes asinantes
  - d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
  - e. A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
  - f. Calquera outra causa prevista nas leis.

### **Décima.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas; dúas de parte da Consellería de



Emprego, Comercio e Emigración designadas pola Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

#### **Décimo primeira.- *Relación laboral***

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou con calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

#### **Décimo segunda.- *Autorización, publicación e rexistro do convenio***

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Décimo terceira.- *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente***

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego,



Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo cuarta.- *Vixencia***

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 22 de decembro de 2024, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2024.

#### **Décimo quinta.- *Protección de datos de carácter persoal***

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade, ambas as partes asinan electronicamente este convenio.

O conselleiro de Emprego, Comercio e  
Emigración

A presidenta do Lar gallego de Avilés

José González Vázquez

Ana María Fernández Grela

